

SUBMISIÓN URBANA

GARDIÁNS DO SALVAXE

A árbore

Repousa o corpo ergueito
ás beiras do camiño.
No capitel de pólas
sostéñense
as flores de neón.
A grilanda brillante
alumea as facianas
dos edificios.
A casca metálica,
de xeométrica silueta,
medra sobre o cemento.
As abellas queiman os beizos
coas luces.
Escóitanse as palabras
dos que están na praza:
“Máis bonita ca unha de verdade”.

Cita

María do Cebreiro: “Ninguén
coñece a dor da montaña
cando rompe”.



A relación entre a natureza e as persoas é complexa. Sentimos a necesidade de situarnos, de definírnos con respecto ao propio medio. Mudaron as perspectivas ao longo dos camiños da historia, fímonos localizando fóra ou dentro, cuestionámonos se somos inimigos ou aliados.

Esquecemos agora aquelas palabras que ditaminaban que o ser humano loita por dominar a súa contorna, negamos a existencia dese suposto devezo ancestral de nos impor sobre os elementos estraños, de modelalos, transformalos e sometelos. Poida que agora mesmo nos sintamos coma uns gardiáns do salvaxe, adornamos o escenario da vida urbana con retallos de bosque; ás veces case podemos imitar as árbores de verdade coa nosa pulcra manufactura, talvez non importe máis ca a forma. No fondo, somos construtores, construímos a nosa propia natureza, unha natureza artificial, nos solos queimados, sobre as raíces autóctonas; entre as lastras e o cemento, ou nas casas.